



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO

Xefatura Territorial da Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo

Ronda da Muralla, 70

27071 LUGO

Teléfonos: 982 29 45 79

982 29 42 93

Fax 982 29 42 95

galicia

JOSE LUIS LOLO CELEIRO
FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE
DE LUGO (COGAMI LUGO)
RUA DA LUZ Nº 4
27002 LUGO (Lugo)

Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 31/05/2019 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada por D/Dona JOSE LUIS LOLO CELEIRO en nome e representación da **FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO (COGAMI LUGO)**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. 1997/000013-2ª, e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Único Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 09/05/2019, na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	JOSE LUIS LOLO CELEIRO
VICEPRESIDENTA	MARIA ENMA CAMAÑO GARCIA
SECRETARIA	MONICA ALVAREZ SAN PRIMITIVO
TESOUREIRO	MANUEL BARREIRO CONDE
VOGAL	DELIA MARIA LORENZO ZARANDONA
VOGAL	DAMASO CACHALDORA PEREZ
VOGAL	MARIA PURIFICACION SALVADOR REBOLO
VOGAL	MARIA DEL CARMEN BERTA GARCIA ABELAIRAS
VOGAL	MARIA ISABEL VALIELA PEREZ
VOGAL	BEGOÑA RODRIGUEZ PIÑEIRO
VOGAL	MARIA TERESA LAGOS SANMARTIN
VOGAL	ELENA MIRAGAYA PRIETO
VOGAL	CARMEN REGUEIRO TEIJEIRO



CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. O xefe territorial de Lugo é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUGO (COGAMI LUGO) de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no

Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común.

Lugo, 27 de xuño de 2019

O xefe territorial

